



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MALPICA DE BERGANTIÑOS

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

EXTRACTO DE LA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 595/2022 DE FECHA 10/11/2022 POR LA QUE SE CONVOCAN AYUDAS A LAS ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO PARA EL FOMENTO DE LA CULTURA EN EL AÑO 2022

BDNS (Identif.): 660529

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/660529>)

Primero. Beneficiarios.

Podrán optar al programa contemplado en la presente convocatoria las entidades culturales y educativas jurídicamente constituidas que cumplan los siguientes requisitos:

- Carecer de fines de lucro.
- Desarrollar sus actividades en el ámbito territorial del Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños.
- Estar inscritas en el Registro Municipal de Asociaciones o en su defecto tener solicitada su inscripción en el mismo.

Segundo. Objeto

En el Programa de Promoción Cultural se subvencionarán actividades culturales que se realizan en el ámbito geográfico del Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños, así como, los gastos de funcionamiento de las entidades que las realicen, siempre que tengan una vinculación directa con estas. Deberán disponer de sede en el Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños.

Con carácter general, no podrán ser objeto de ayuda, en la presente convocatoria, las actividades subvencionadas, en el mismo ejercicio, a través de otras ayudas del Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños.

A los efectos de esta convocatoria se entenderán como actividades de promoción cultural, las acciones, proyectos y programas, en los que los fines principales sean:

- a) La formación y promoción en el campo de las actividades escénicas (música, danza, teatro y magia).
- b) La formación y promoción en los ámbitos de la literatura, la fotografía, el cine, las creaciones audiovisuales, la pintura, la escultura y demás artes plásticas.
- c) La formación y promoción de las artesanías tradicionales, especialmente las que tienen vinculación con el Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños.
- d) La promoción, divulgación y puesta en valor del patrimonio material e inmaterial del Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños.
- e) Las actividades de educación no formal e informal complementarias de la actividad de los centros de enseñanza del Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños y organizadas por entidades de la comunidad educativa.

f) La promoción de la lengua gallega.

g) La promoción, difusión y puesta en valor de las tradiciones específicas del Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños.

h) La promoción, difusión y puesta en valor de las tradiciones específicas de Galicia arraigadas en el ámbito local.

A los efectos de la presente convocatoria se entenderán excluidas las acciones, proyectos y programas:

- a) En los que la finalidad principal y/o vehicular no se correspondan con los descritos en el apartado anterior.
- b) De promoción de las fiestas patronales y festejos, que, en su caso, podrán disponer de líneas específicas de ayudas.

Tercero. Bases reguladoras

Las bases específicas reguladoras de la concesión de estas subvenciones están contenidas en la convocatoria aprobada en fecha 10/11/2022 y publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña nº 223 de fecha 24/11/2022.

Cuarto. Cuantía de la ayuda.

El importe global para las presentes ayudas será de 20.000,00 € con cargo a la partida 334.48000 del presupuesto del Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños para el año 2022 actualmente en vigor.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes.

1. Las solicitudes se presentarán a través del Registro Electrónico del Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños (<https://sede.malpicadebergantinos.es/gl/index.html>).

2. El plazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturales, contados desde el día siguiente al de la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

Sexto. Otros datos.

Se adjuntará la siguiente documentación:

4.1.1.- Formulario de Solicitud Normalizado, que incluirá:

- a) Datos identificativos y domicilio electrónico de la entidad solicitante y su representante.
- b) Actividad/es para las que se solicita ayuda.
- c) Importe de la ayuda solicitada.
- d) Memoria explicativa de la/s actividad/es para las que se solicita ayuda. Esta hará mención a las personas beneficiadas, directa o indirectamente, por la ayuda, objetivos, descripción, lugar de realización y al calendario de la misma.
- e) Detalle del presupuesto estimativo de gastos e ingresos de la/s actividad/es para la/s que se solicita ayuda.
- f) Certificación acreditativa del acuerdo de solicitud y del nombramiento del representante para sus relaciones con el Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños.
- g) Declaración de la representante del conocimiento y aceptación de las bases de la convocatoria, de que son ciertos los datos que figuran en la solicitud, de no tener concedidas otras subvenciones para las actividades para las que solicita ayuda, de no estar incurso/o en causas de incompatibilidad o incapacidad para contratar y percibir subvenciones de la Administración Pública, de autorización para comprobar si está al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias, frente a la Seguridad Social, y frente al Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños, de no tener ayudas pendientes de justificación y de comprometerse a aportar los datos que se le puedan solicitar a los efectos de las comprobaciones previstas en la legislación actual de subvenciones.

4.1.2.- Documentación identificativa, que incluirá:

- a) Copia de la tarjeta del CIF de la entidad.
- b) Copia de los estatutos de la entidad.
- c) Copia de la tarjeta del NIF del representante.
- d) Certificación de los datos bancarios de la entidad.

4.1.3.- Memorias, que incluirá:

- a) Memoria explicativa de las actividades que tiene realizado o programado realizar en el año 2022.
- b) Presupuesto del año en curso.

4.1.4.- Certificados de estar al corriente en el cumplimiento de las obligaciones con las administraciones públicas, que incluirán:

a) Certificado en vigor acreditativo de estar al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias, frente a la Seguridad Social y frente al Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños, salvo que se autorizase expresamente para solicitarlos u obtenerlos de oficio, según el caso.

b) Certificado en vigor acreditativo de estar al corriente en el cumplimiento de las obligaciones frente a la Xunta de Galicia.

4.1.5.- Otras autorizaciones y/o acreditaciones, que en su caso pueden incluir:

a) Solicitud de autorización, si procede, en el caso de que la entidad solicitante concierte la ejecución, total o parcial, del objeto de la subvención con personas vinculadas a esta (art. 29.7.d) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general

de subvenciones y art. 68 del Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley general de subvenciones).

b) Acreditación de disponer de un local social abierto al público.

4.2. El defecto, error o ausencia en la presentación de la documentación a la que se refiere esta base 4, deberá ser emendado en el plazo de 10 días desde la recepción del requerimiento.

4.3. La documentación se entregará en 5 archivos diferentes, en formato PDF, que llevarán por nombre y contenidos los que a continuación se detallan:

a) "Formulario de Solicitud Normalizado", seguido del nombre de la entidad. Incluirá la documentación que se recoge en el apartado 4.1.1.

b) "Documentación Identificativa", seguido del nombre de la entidad. Incluirá la documentación que se recoge en el apartado 4.1.2.

c) "Memorias", seguido del nombre de la entidad. Incluirá la documentación que se recoge en el apartado 4.1.3.

d) "Certificados de estar al corriente en el cumplimiento de las obligaciones con las administraciones públicas", seguido del nombre de la entidad. Incluirá la documentación que se recoge en el apartado 4.1.4.

e) "Otras autorizaciones y/o acreditaciones", seguido del nombre de la entidad. Podrá incluir, según el caso, la documentación que se recoge en el apartado 4.1.5.

Malpica de Bergantiños

24/11/2022

Eduardo José Parga Veiga, Alcalde del Ayuntamiento de Malpica de Bergantiños

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 595/2022 DE DATA 10/11/2022 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PARA O FOMENTO DA CULTURA NO ANO 2022

BDNS (Identif.): 660529

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/660529>)

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán optar ao programa contemplado na presente convocatoria as entidades culturais i educativas xuridicamente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Malpica de Bergantiños.
- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións ou no seu defecto ter solicitada a súa inscrición no mesmo.

Segundo. Obxecto

No Programa de Promoción Cultural subvencionaranse actividades culturais que se realicen no ámbito xeográfico do Concello de Malpica de Bergantiños, así como os gastos de funcionamento das entidades que as realicen, sempre que teñan unha vinculación directa con estas. Deberán dispoñer de sede no Concello de Malpica de Bergantiños.

Con carácter xeral, non poderán ser obxecto de axuda, na presente convocatoria, as actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras axudas do Concello de Malpica de Bergantiños.

Aos efectos desta convocatoria entenderanse como actividades de promoción cultural, as accións, proxectos e programas, nos que os fins principais sexan:

a) A formación e promoción no campo das actividades escénicas (música, danza, teatro e maxia).

b) A formación e promoción nos ámbitos da literatura, a fotografía, o cine, as creacións audiovisuais, a pintura, a escultura e demais artes plásticas.

c) A formación e promoción das artesanías tradicionais, especialmente as que teñen vinculación co Concello de Malpica de Bergantiños.

d) A promoción, divulgación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial do Concello de Malpica de Bergantiños.

e) As actividades de educación non formal e informal complementarias da actividade dos centros de ensino do Concello de Malpica de Bergantiños e organizadas por entidades da comunidade educativa.

f) A promoción da lingua galega.

g) A promoción, difusión e posta en valor das tradicións específicas do Concello de Malpica de Bergantiños.

h) A promoción, difusión e posta en valor das tradicións específicas de Galicia arraigadas no ámbito local.

Aos efectos da presente convocatoria entenderanse excluídas as accións, proxectos e programas:

a) Nos que a finalidade principal e/ou vehicular non se correspondan cos descritos no apartado anterior.

b) De promoción das festas patronais e festexos, que no seu caso, poderán dispoñer de liñas específicas de axudas.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases específicas reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na convocatoria aprobada en data 10/11/2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 223 de data 24/11/2022.

Cuarto. Contía da axuda.

O importe global para as presentes subvencións será de 20.000,00 € con cargo á partida 334.48000 do orzamento do Concello de Malpica de Bergantiños para o ano 2022 actualmente en vigor.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse a través do Rexistro Electrónico do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://sede.malpicadebergantinos.es/gl/index.html>).

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, contados dende o día seguinte ao de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sexto. Outros datos.

Achegarase a seguinte documentación:

4.1.1.- Formulario de Solicitud Normalizado, que incluirá:

a) Datos identificativos e enderezo electrónico da entidade solicitante e a/o súa/seu representante.

b) Actividade/s para as que se solicita axuda.

c) Importe da axuda solicitada.

d) Memoria explicativa da/s actividade/s para as que se solicita axuda. Esta fará mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda, obxectivos, descrición, lugar de realización e ao calendario da mesma.

e) Detalle do orzamento estimativo de gastos e ingresos da/s actividade/s para a/s que se solicita axuda.

f) Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello de Malpica de Bergantiños.

g) Declaración da/o representante do coñecemento e aceptación das bases da convocatoria, de que son certos os datos que figuran na solicitude, de non ter concedidas outras subvencións para as actividades para as que solicita axuda, de non estar incurso/o en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública, de autorización para comprobar se está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños, de non ter axudas pendentes de xustificación e de comprometerse a aportar os datos que se lle poidan solicitar aos efectos das comprobacións previstas na lexislación actual de subvencións.

4.1.2.- Documentación identificativa, que incluirá:

a) Copia da tarxeta do CIF da entidade.

b) Copia dos estatutos da entidade.

c) Copia da tarxeta do NIF do representante.

d) Certificación dos datos bancarios da entidade.

4.1.3.- Memorias, que incluirá:

- a) Memoria explicativa das actividades que ten realizado ou programado realizar no ano 2022.
- b) Orzamento do ano en curso.

4.1.4.- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coas administracións públicas, que incluirán:

a) Certificado en vigor acreditativo de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños, salvo que se autorizase expresamente para solicitalos ou obtelos de oficio, segundo caso.

b) Certificado en vigor acreditativo de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas fronte á Xunta de Galicia.

4.1.5.- Outras autorizacións e/ou acreditacións, que no seu caso pode incluír:

a) Solicitud de autorización, se procede, no caso de que a entidade solicitante concerte a execución, total ou parcial, do obxecto da subvención con persoas vinculadas a esta (art. 29.7.d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e art. 68 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións).

b) Acreditación de dispoñer dun local social aberto ao público.

4.2. O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4, deberá ser emendado no prazo de 10 días dende a recepción do requirimento.

4.3. A documentación entregárase en 5 arquivos diferentes, en formato PDF, que levarán por nome e contidos os que a continuación se detallan:

a) “Formulario de Solicitud Normalizado”, seguido do nome da entidade. Incluirá a documentación que se recolle no apartado 4.1.1.

b) “Documentación Identificativa”, seguido do nome da entidade. Incluirá a documentación que se recolle no apartado 4.1.2.

c) “Memorias”, seguido do nome da entidade. Incluirá a documentación que se recolle no apartado 4.1.3.

d) “Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coas administracións públicas”, seguido do nome da entidade. Incluirá a documentación que se recolle no apartado 4.1.4.

e) “Outras autorizacións e/ou acreditacións”, seguido do nome da entidade. Poderá incluír, segundo caso, a documentación que se recolle no apartado 4.1.5.

Malpica de Bergantiños

24/11/2022

Eduardo José Parga Veiga, alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños

2022/7412